

Vertido en Cedeira. Delitos graves, multas leves

Un construtor deposita dous vertidos de uralita con amianto no monte de Cedeira e só é sancionado con 901 euros. Outro trato de favor do goberno local do PP?

O pasado día 14 de abril, un veciño alertou á policía local de que no monte de Cedeira había un vertido de cascallos dunha obra, entre os que había restos de uralita, poliespán, etc. Ao día seguinte descubriron que estes restos procedían dunha obra nun edificio de Vigo. Se ben o causante non recoñeceu o feito nun primeiro momento, acabou aceptando a súa culpabilidade, aínda que non declarou quen foi o transportista que trasladou os restos.

O día 16 de abril aparece a noticia no Faro de Vigo, e o Concelleiro fai unhas declaracións:

As pistas recompiladas apuntan a que o vertido procede dunha empresa de construción que fixo unha obra nunha casa en Vigo. Desde o Concello de Redondela xa se puxeron en contacto co departamento de Urbanismo vigués para continuar as pesquisas. Cando dean cos autores, cursarán denuncia ante o Seprona da Garda Civil. Álvarez Ballesteros indicou que "todas as semanas atopámonos algún vertido ilegal, pero este é especialmente grave polo material desbotado, que se debe reciclar nun punto limpo".

A data do informe da policía local é do 21 de abril, e o día 23 volve aparecer a noticia no Faro de Vigo:

*Segundo informou onte o edil de Medio Ambiente, Miguel Anxo Álvarez, ademais da coincidencia no tipo de fibrocemento, na inspección realizada á obra tamén se atoparon sacos con etiquetas iguais ás localizadas no lugar do vertido. "Aínda que o promotor nun principio negou ser o autor da infracción, finalmente admitiu que encargara o traslado do material a un transportista de Redondela ao que se negou a identificar e responsabilizouse dos actos", indica Álvarez. O infractor tamén se comprometeu a retirar os restos do monte para o seu traslado a unha planta de reciclaxe nun prazo máximo dunha semana. **Miguel Anxo Álvarez considera necesaria unha sanción exemplarizante para evitar que este tipo de incidencias sigan producíndose nos montes do municipio. "É unha infracción grave e moi poucas veces lógrase determinar aos seus autores, polo que é importante dar exemplo", sinala.***

O 23 de abril dítase Resolución de Alcaldía para iniciar o expediente sancionador polo sucedido, e sustentan a sanción nos artigos 3.b), 46.3.c) e 49.3 da Lei de Residuos e Solos Contaminados (LRSC):

Artigo 3.b): "residuos domésticos"

Artigo 46.3.c): é infracción grave o abandono, vertedura ou eliminación incontrolados de calquera tipo de residuos non perigosos sen que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

Artigo 49.3): No suposto de abandono, vertedura ou eliminación incontrolados de residuos, así como da súa entrega sen cumprir as condicións previstas nas ordenanzas locais, a potestade sancionadora corresponderá aos titulares das entidades locais.

Dous días despois o causante deste delito medioambiental retirou os escombros, **pero o 4 de maio a policía local atopa un novo vertido noutra zona de Cedeira** e sospeita que é do mesmo

construtor. Este novo vertido é retirado o día 6 de xuño. A pesares de que na resolución de alcaldía do 23 de abril se lle daban cinco días pra retirar os escombros, a pesares de que a policía local sospeitaba da procedencia do segundo vertido e a pesares de que o infractor se fixo cargo retirada deste segundo vertido “independentemente de se finalmente tal vertido tiña que ver coa súa obra ou non, para demostrar a súa total colaboración”, **esta persoa só foi sancionada con 901€.**

Chegados aquí, chama a atención que para sancionar esta infracción grave, o goberno local considere que estes residuos non son perigosos, e se empregue o tramo “de 901 € a 45.000€” de multa en vez do tramo “de 9.001 € a 300.000 €”. Chama a atención porque:

1. O fibrocemento contén amianto.
2. No estado español, durante o longo período 1920-1984, para a elaboración do fibrocemento, incorporouse *crocidolita* ou amianto azul. Esta fibra de amianto, que é a de maior potencial canceríxeno, empregábase pola súa elevada resistencia mecánica, nunha proporción de ata un 25%.
3. O edificio de onde proceden os escombros construíuse en 1980.
4. Segundo o CER (Catálogo Europeo de Residuos), os materiais de illamento ou construción que conteñan amianto, cualifícanse de perigosos.
5. A pesares de que na resolución de alcaldía se di que “ a información dispoñible sobre os residuos non permite incluílos nas categorizacións do Anexo III da LRSC”, o feito de que o fibrocemento conteña amianto e este sexa canceríxeno, entendemos que si aparecería reflexado neste Anexo como:

H 4 «Irritante»: aplícase ás substancias e aos preparados non corrosivos que poden causar unha reacción inflamatoria por contacto inmediato, prolongado ou repetido coa pel ou as mucosas.

H 5 «Nocivo»: aplícase ás substancias e aos preparados que por inhalación, inxestión ou penetración cutánea poden entrañar riscos de gravidade limitada para a saúde.

H 6 «Tóxico»: aplícase ás substancias e aos preparados (incluídos as substancias e os preparados moi tóxicos) que por inhalación, inxestión ou penetración cutánea poden entrañar riscos graves, agudos ou crónicos e incluso a morte.

H 7 «Canceríxeno»: aplícase ás substancias e aos preparados que por inhalación, inxestión ou penetración cutánea poden producir cancro ou aumentar a súa frecuencia.

En caso de ter en conta estes puntos, o vertido sería de residuos perigosos e a sanción pasaría a ser de 9.001 a 300.000 €. Sorprende que para a cualificación dos vertidos **non conste no expediente informe técnico algún respecto dos materiais que compoñían os vertidos.** Sorprende moito que despois da indignación inicial mostrada polo concelleiro de Medio Ambiente, cando **cualificaba o vertido como “especialmente grave” e pedía unha “sanción exemplar”,** a multa final sexa a mínima. E, sobre todo, sorprende que incluso coa cualificación que se lle dá, non se teña en conta como agravante da sanción o **intento manifesto de ocultación ao cubrir con palla o segundo vertido.**